

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO ENTROIDO 2018

O Excmo. Concello de Cambados, a través da Concellaría de Cultura convoca o CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO PARA O MARTES DE ENTROIDO 13 DE FEBREIRO DE 2018 ÁS 17.00h na Praza do Concello.

O concurso obxecto desta convocatoria rexeráse polas seguintes Bases:

PRIMEIRA.- Poderán participar todas as persoas, asociacións ou colectivos que o desexen.

SEGUNDA.- Lugar, contido e prazo de inscrición.

1.- A inscrición deberá facerse obrigatoriamente na Biblioteca Municipal Luís Rei, no modelo de inscrición normalizado (Anexo I), indicando:

- Indicación da modalidade na que se participa: Individual, Parella ou Grupo.
- Para a modalidade Individual: Nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono da persoa participante. Os menores de idade que participen no desfile deberán ser inscritos por un adulto, que actuará como representante e dita inscrición levará implícita a autorización por parte dos responsables dos menores.
- Para a modalidade Parella ou Grupo:
 - Nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono do representante (no caso de tratarse dun grupo informal e non unha asociación constituída).
 - Nome, CIF, enderezo e teléfono da Asociación (no caso de ser unha asociación legalmente constituída). Farase constar así mesmo o nome e DNI do representante da Asociación.

2.- Xunto coa instancia de inscrición deberá achegarse obrigatoriamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI no caso de: persoa individual participante; representante dun menor; representante dun grupo informal.

- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).

3.- O prazo de presentación da documentación será ata o luns 5 de febreiro. As solicitudes recolleranse na biblioteca de luns a venres de 10.00h a 14.00h e de 16.00h a 21.00h e os sábados de 10.30h a 13.30h. Tamén, de xeito excepcional, abrirase un prazo de inscrición o martes 13 de febreiro, no lugar da realización do concurso, en horario de 16.30h a 17.00h. Os participantes deberán obrigatoriamente desfilar pola pasarela.

TERCEIRA.- O xurado valorará a orixinalidade do deseño, laboriosidade, creatividade, así como que toda a indumentaria e complementos garden relación co disfrace elixido e calquera outro motivo que poida considerar o xurado, coma a interpretación dos personaxes representados. Na modalidade de grupos, ademais, terase en conta a unidade no disfrace do grupo e o grao de coordinación coa súa significación e composición.

Do actuado polo xurado levantarase a correspondente acta no modelo normalizado recollido no Anexo III de estas bases.

O fallo do xurado será inapelable, e este poderá resolver calquera cuestión non recollida nas presentes bases.

CUARTA.- Premios.

1.- Establécense os seguintes premios, ata un límite máximo de consignación orzamentaria de 900 euros que se imputará á aplicación 338/48100 do orzamento de gastos do ano 2018:

- Dous premios ao mellor Disfrace Individual:
 - Xuvenil: un premio de 100€
 - Adulto: un premio de 100€
- Dous premios ao mellor Disfrace en Parella:
 - Xuvenil: un premio de 150€
 - Adulto: un premio de 150€

-Dous premios ao mellor Disfrace de Grupo:

- Xuvenil: un premio de 200€
- Adulto: un premio de 200€

**Consideraranse na categoría Xuvenil aos rapaces e rapazas de 12 a 17 anos cumpridos e Adultos de 18 anos cumpridos en diante.*

**Terán consideración de Grupo todos aqueles que contén cun mínimo 3 persoas.*

**Na categoría de grupos, nos casos nos que haxa adultos e mozos mesturados na unidade do disfrace, prevalecerá no concurso a categoría da maioría dos integrantes.*

**Presentarse ao mellor disfrace en modalidade Individual, Parella ou Grupo excluírá de poder presentarse en calquera das outras dúas modalidades.*

2.- A contía dos premios farase efectiva en vales de compra a trocar nos establecementos adheridos á Asociación Cambados Zona Centro.

QUINTA.- Entrega de premios.

1.- A entrega dos diplomas acreditativos dos premios así coma dos vales de compra, realizarase tras a decisión do xurado.

2.- Ao remate do concurso e para poder trocar os vales dos premios será preciso que os gañadores, ou os seus representantes legais en caso de seren menores de idade ou grupos, cubran os documentos xustificativos pertinentes, presentando o seu DNI.

3.- Unha vez trocados os vales de compra nos establecementos adheridos á Asociación Cambados Zona Centro, deberá presentarse no rexistro xeral do Concello a seguinte documentación para a aprobación e pago dos premios:

- Solicitud debidamente asinada polo titular do establecemento comercial.
- Documento de cesión do crédito debidamente asinada polo beneficiario do premio. (Anexo IV).
- Copia do documento xustificativo do gasto (factura ou factura simplificada).
- Copia do vale ou vales de compra obxecto da solicitude.
- Certificado certificado de conta bancaria da persoa á que se cede o crédito.

SEXTA.- Calquera dúbida ou baleiro que puidese xurdir da interpretación e aplicación das presentes bases, será resolto no seu momento polo xurado e a decisión do mesmo será inapelable. Así, no caso de quedar deserta algunha das categorías ou, de haber participantes, non ser merecedores de premio segundo o xurado, poderán redistribuír as cantidades como desexen.

SÉTIMA.- A presentación a este Concurso implica necesariamente a aceptación de todos e cada un dos puntos das Bases.

** En caso de choiva o concurso trasladarase ao recinto do Salón de Congresos e Exposicións de Peña.*

** En caso de traslado do concurso de carrozas ao martes 13 de febreiro, o concurso de disfraces pasará a realizarse o domingo 11 de febreiro, no Salón Peña.*

ANEXO I
INSTANCIA DE INSCRIPCIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO

D/D^a _____, con DNI _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

E, no seu caso, en representación do menor de idade

E, no seu caso, en representación do grupo / Asociación

con CIF _____ con domicilio en _____ e teléfono nº _____

SOLICITA

A participación no CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO convocado polo Concello de Cambados, na modalidade de (*sinalar cunha x*):

Individual

Parella

Grupo

Achégase así mesmo a seguinte documentación:

- Copia do DNI no caso de: persoa individual participante; representante dun menor; representante dun grupo informal.
- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).

En Cambados, a _____ de _____ de 2018

(Sinatura)

A entrega de presente instancia de inscrición cuberta, implica a aceptación das bases do concurso e a participación no mesmo conforme a elas.

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a _____, con DNI _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

en nome propio ou representación do grupo / Asociación

con CIF _____ con domicilio en

_____ e teléfono nº _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da condición de beneficiario que recolle o artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica, e coa Seguridade Social, e co Concello de Cambados.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asina a presente declaración.

En Cambados, a _____ de _____ de 2018

(Sinatura)

ANEXO III

ACTA DA ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO

Reunidos en Cambados, ás horas do día de de 2018, o Xurado do concurso, composto por:

-
-
-
-
-
-

onde
como do Concello, actúa como Secretari@, e unha vez rematado o certame, levántase acta dos clasificad@, entregándoselles os diplomas dos premios, expostos nas bases do concurso, resultando:

Dous premios en vales de compra de Zona Centro ao mellor Disfrace Individual:

- Xuvenil: premio 100 €
- Adulto: premio 100 €

Dous premios en vales de compra de Zona Centro ao mellor Disfrace en Parella:

- Xuvenil: premio 150 €
- Adulto: premio 150 €

Dous premios en vales de compra de Zona Centro ao mellor Disfrace de Grupo:

- Xuvenil: premio 200 €



- Adulto: premio 200 €

A suma total dos vales de compra ascende a, e o responsable en funcións de Zona Centro asina a presente acta xunto co Concelleiro de Cultura e o Técnico de Cultura. Así mesmo cada galardoad@ asina unha ficha polo importe outorgado que se engade de forma anexa.

Ademais, de habelas, indícanse as seguintes incidencias

.....

.....

.....

.....

Levántase a presente Acta, en Cambados a de de 2018.

Sinaturas dos membros do xurado

Víctor Caamaño

.....

Concelleiro de Cultura

Técnico de Cultura



ANEXO IV

FICHA DE BENEFICIARIO CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO

D/D^a _____, con DNI _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

E, no seu caso, en representación do menor de idade

E, no seu caso, en representación do grupo / Asociación

con CIF _____ con domicilio en _____ e teléfono nº _____

Resultou beneficiario dun premio por importe de _____ €, recibindo vales de compra nos establecementos adheridos á Asociación Cambados Zona Centro por este importe, pola participación no CONCURSO DE DISFRACES XUVENIL E ADULTO, celebrado en Cambados o día _____ de _____ de 2018.

Sinatura:

CONFORME, o Concelleiro de Cultura, Víctor Caamaño

Asdo :